

Relatos da paisaxe



De cómo cheguei á fin do mundo

Gonzalo Jar Couselo

www.galeguizargalicia.com



GONZALO JAR COUSELO

(Lérez - Pontevedra, 1949-2009).

Xeneral de División da Garda Civil. Doutor en Ciencias Políticas e Socioloxía. Membro do Centro de Estudos de Dereito Internacional Humanitario da Cruz Vermella Española. Ten publicados varios libros e numerosos artigos: Modelo policial español y policías autónomas (Edit. Dykinson, Madrid, 1995), Las mujeres en la policía y en las fuerzas armadas. Especial referencia a la Guardia Civil (Edit. Instituto da Muller,

Madrid, 1997), Modelos comparados de policía (Edit. Dikynson e Ministerio do Interior, Madrid, 2000), La protección de los periodistas en caso de conflicto armado (Edit. Tirant lo Blanch, Valencia, 2007).

Im memoriam

Subvenciona:



Publica:



Coa colaboración:



© do texto: Gonzalo Jar Couselo

© da edición: AFNLG

Coordinación: Carme Vaquero
Xosé González

Fotografía e deseño: Pío García

Edita:



Imprime: Artes Gráficas Litonor

Deposito legal:C4085-2009

galeguizar galicia

Ocorre as máis das veces que os viaxeiros van ollando a paisaxe, pero sen descifraren as causas, historia e circunstancias que a definen. Adóitase dicir —non é máis ca unha frase feita— que o viaxar arrequece a cultura. Iso depende. Se nos fiamos dalgunhas enquisas feitas sobre o coñecemento que os galegos temos do noso medio, a conclusión é ben distinta: vivimos nun País que non valoramos dabondo, porque o descoñecemos.

Otero Pedrayo, que tivo que viaxar moito nos coches de liña, tiña por costume ilustrar o seu acompañante de todo o que os seus ollos albiscaban, de preto e de lonxe. Din os que gozaron da súa compañía naquelas demoradas viaxes polas estradas galegas que era unha regalía poder coñecer “sobre a marcha” todo o que quedaba fóra da xanela do autobús.

Relatos da Paisaxe pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Trabivus Noroeste unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos, tradicións, etc., que salfiren a nosa contorna. A suma de todos eles fan parte da nosa cultura, relatada en lingua galega, que resoou, resoa e resoará nos escenarios que se van sucedendo nas viaxes que se fan percorrendo as estradas.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia poñen nas súas mans unha pequena colección de relatos escritos para esta acción por diversos autores, coa finalidade de divulgar e fomentar o uso da lingua galega.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da AFNLG



Gonzalo Jar Couselo

De como cheguei á fin do mundo



Para un neno coma min, con dez anos no final na década dos 50 do século pasado, o meu mundo no pasaba moito máis alá do adro da igrexa do mosteiro de San Bieito de Lérez e da parte do río que se atopa debaixo. Non obstante, esa concepción xeográfica ía verse radicalmente modificada cando o cura da parroquia, D. Manuel Castiñeiras, decidiu levarnos ós rapaces da catequese de excursión pola parte dereita da ría de Pontevedra, ata chegar á illa da Toxa. A partir dese momento comezaron a chegarme por diferentes vías noticias do que íamos ver nesa viaxe, pero sobre todo das lendas que envolvían a praia da Lanzada, para min unha auténtica descoñecida. Dela a xente dicía que, ademais do senso relixioso ou profano que envolvía todo o que se refería á capela da virxe e a súa romaría, sempre sacudida por fortes ventos, estaba a presenza “misteriosa” duns poucos atrevidos, case sempre identificados como alemáns un algo extraños e case sempre espidos, a quen non lle daba medo o furor do seu mar, famoso por devorar os que se atrevían a meterse nas súas augas os días de temporal. Non ha de extañar, pois, que tras as anteriores descrições, ese lugar acabase converténdose para min en algo esotérico semellante á fin do mundo.





Aínda que non lembro con moito detalle como cheguei ata alí, hoxe quero facer esa mesma viaxe aproveitando o que, despois de tantos anos, me suxire o estado desa costa que, se alguén non o remedia, desaparecerá a non pasar moito tempo. É seguro que aquel día pasamos pola ponte da Barca e debaixo da Caeira, paisaxe que non se parecería en nada á que hoxe ha de contemplar o viaxeiro que empeza ese camiño, á vista do que os dous concellos implicados foron capaces de facer con esa zona cualificada de “residencial”. Tampouco pasamos pola península de Lourido e Campelo, unha das áreas mais belas da ría se non fora pola presenza da celulosa. Eu non podo esquecer como empezei a ir á praia no barco que saía das Corbaceiras e, máis tarde, a unha famosa taberna de Campelo, Casa Laura, onde non era nunca problema chegar sen avisar, pois sempre quedaba a solución de baixar co sacho e o caldeiro e, nun momento, enchelo de berberechos e ameixas. Hoxe, eu sempre lles recomendo aos que visitan Pontevedra que non deixen de achegarse á praia de Campelo, cando se estea poñendo o sol detrás da illa de







Tambo e coa marea alta, para contemplar unha das imaxes mais engaiolantes que quedan por estas paraxes.

Onde si é seguro que parariamos foi en Combarro, entón xa loitando por conseguir o recoñecemento duns dos conxuntos arquitectónicos autóctonos máis interesantes de toda Galicia. Os milleiros de turistas que agora enchen as súas rúas son a mellor proba dese traballo ben feito é, como recomendación persoal, invitaría a esas mesmas persoas a que pasearan esa extraordinaria zona histórica pola noite, cando eses turistas xa abandonaron a vila. Por certo, xa que se tivo tanto

agarimo posto no coidado da zona vella, non sobraría que se fose un pouco máis coidadoso coa parte moderna, pois non é a primeira vez que xente que pasa pola estrada non se pode facer unha idea da xoia que se garda no interior da vila. Nese sentido, a recente construción do porto deportivo non sei se non debería facerse cun pouco de máis respecto polo conxunto no que se integra.

Un pouco máis alá de Combarro atopámonos coa praia de Chancelas, a primeira á que fun capaz de chegar, moitas veces no autobús da Unión e outras, por necesidade, en au-



to-stop. En Covelo e Samieira apenas se paraba, a diferenza do que pasa agora, onde bloques de apartamentos acollen o “noso turismo de masas”, mentres que Raxó era máis luar de festas que de praia, a diferenza do que sucede na actualidade, que se converteu nun dos puntos máis acosados pola construción de toda a costa, sobre todo cando se contempla dende o mar. Nese sentido, parece mentira que nunha ruta que levaba sempre o mar a nosa beira —non ha de extrañar que eu sempre escollese fiestra da esquerda na Unión para contemplar a paisaxe—, hoxe sexa case un milagre ver o mar ao longo da ruta. Menos mal que o mirador do alto de Raxó aínda non se urbanizou, algo que non sei se durará moito tempo á vista do que están a facer agora nos seus arredores.

A baixada de Dorrón, co evocador recuncho da praia das Canteiras, lévanos dereito a outra das fermosas praias que salpican a costa, Areas, moi presionada polos cada vez máis visitantes e habitantes, mais aínda un dos sitios onde se pode gozar do que eran os lugares de hai corenta anos. Por certo, alí estabamos os do noso grupo de queimada a noite que os americanos chegaron a lúa. Estou ben seguro de que unha das importantes paradas da nosa excursión foi en Sanxenxo, entón unha das vilas turísticas máis bonitas que nunca vira. Sei ben do que estou a falar, pois teño na miña casa unha tarxeta postal daquela época, que procuro ensinarlles a todos os que chegan agora, para que se dean de conta do que se fixo alí nestes corenta últimos anos. Dende logo, os que querían convertelo na Benidorm galega están a piques de conseguilo, mentres que a min o que me provoca é certa mágoa polo que se fixo, non só aí senón en Portonovo, vila mariñeira por excelencia onde era posible atopar a cultura do mar por cada unha das rúas e casas —cantas larpeiradas no Chosco—, e hoxe convertido nunha mestura estrana que non se sabe moi ben o que pretende de cara ao seu futuro.







A partir de aí, é certo que o que hoxe se pode contemplar non se afastaría moito do que aquel neno de Lérez gozou, xa que a ringleira de praias —Canelas, Montalvo, outra das grandes que é capaz de resistir a presión urbanística, Major etc.—, coas veigas de millo e patacas pola dereita e co mar sempre á nosa beira esquerda, e a illa de Ons tan cerca que semella poder collela coas mans, non nos permite atender a sorpresa que a todo viaxeiro provoca a aparición da maxestuosa enseada da Lanzada, co extenso areal á nosa dereita, San Vicente do Mar á fronte e a xa citada capela da virxe a uns cantos metros do viaxeiro. Esa ha de ser a primeira parada obrigatoria para escoitar todo o ben que se lle atribúe á santa en cuestión, e quen hoxe relata tardou bastante tempo en comprobar pasando a vasoira debaixo do altar para escoirrentar as posibles meigas que andasen arredor. O que aínda non fixen, como é lóxico, foi baixar á praia para que as ondas petasen na barriga en busca de fertilidade.





De alí, a seguinte parada tiña que ser a zona da praia, para o neno de río unha estampa verdadeiramente impresionante, con tanta area, o mar tan bravo, e o vento a soprar de maneira moderada. Eu non sei moi ben se aquilo era a fin do mundo, pero si que era certo que nunca vira cousa semellante, impresión que aínda hoxe, cada vez que chego alí, sinto unha sensación moi especial. Como era lóxico, dada a prudencia dos nosos gardadores, non foi posible máis que achegarnos á auga para mollar un pouco os pés, pero sempre coa ameaza dos riscos que correrían os que se atrevesen a ir máis alá do autorizado, así que tería que pasar bastante tempo para que puidese mergullarme nas sempre xeadas augas, pero tan cheas de bondades para a saúde, ao dicir das multitudes que hoxe ateigan cada metro do areal.

O que si me resulta moi curioso é que, como era lóxico, malia o primeiro día que desembarquei na Lanzada non ato-

par por ningures os famosos “alemáns espidos”, hoxe en día dá ledicia escoitar, entre os milleiros de habituais visitantes, familias enteiras, cos avós debaixo dos paraugas, falar na lingua galega, dándolle ao conxunto un ambiente moi enxebre e bastante afastado daquel mito que envolvía as dunas que, por sorte, aínda nos contemplan. Quero aproveitar estas liñas para poñer de manifesto a miña satisfacción pola decisión que se tomou no seu momento para tratar de preservar o conxunto de toda a marisma e que lles permite ás novas xeneracións coñecer o que sempre foi un lugar de especiais características. Por certo, outra suxestión para os actuais visitantes da zona: se o día está despexado, non esquezan subir ao mirador da Xiradella, pois dende alí poderán contemplar unha das vistas máis fantásticas das Rías Baixas.

Se se ten en conta que o obxectivo principal da viaxe era chegar á fin do mundo, e a misión xa estaba cumprida,





non ha de sorprendere que, a pesar do encanto que envolve todo o conxunto da illa da Toxa, comezando pola romántica ponte que nos leva ao seu interior, a impresión non fose tan forte coma a vivida na Lanzada, aínda que teño moi boa lembranza porque alí si que nos deixaron bañarnos, supoño que aproveitando que estaba a marea baixa e non nos cubría aos rapaces. Quero dicir que, respecto a esa paraxe, durante moito tempo tiveron un declarado namoro pola súa paisaxe e a súa calma, sobre todo a partir do momento en que os turistas se vían obrigados a ter que abandonar a illa ao non haber posibilidades de pernocta fóra do Gran Hotel. Como é lóxico, polo paso do tempo e pola decisión de permitir novas construcións, hoxe en día sería máis difícil poder conseguir aquel ambiente.

Como remate, dicir que o retorno, como era lóxico, non tivo a emoción do relatado, pois o cansazo fixo efecto en nós e a maioría durmía, mentres algúns faciamos o derradeiro intento de ser no futuro un bo fumador, algo que, por sorte, non conseguiría. Hoxe en día, se os frecuentes atascos das fins de semana non o impiden, ese retorno xa non se fai pola costa, senón pola moderna autovía que nos devolve entre viñas de albariño ao noso destino do Lérez, para seguir baixo o abeiro de san Bieito.